

Concello de San Sadurniño

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES 2026

O Concello de San Sadurniño, a través da Concellería de Cultura, convoca unha nova edición do concurso de disfraces de Entroido para maiores de 13 anos.

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido.

PRIMEIRA.- Data.

13 de febreiro de 2026

SEGUNDA.- Lugar de celebración.

Patio cuberto do CPI de San Sadurniño

TERCEIRA.- Normas de participación.

1. Cada participante só poderá concursar nunha categoría.
2. Os premios entregaranse ao remate da festa, e deberán ser recollidos polas persoas premiadas en cada categoría.
3. As persoas participantes deberán desfilas sobre o escenario, onde o xurado realizará a valoración e elección das persoas premiadas.
4. En caso de dúbida, corresponderá aos membros do xurado a aclaración da mesma, sendo a decisión do xurado inapelable.
5. En todas as modalidades, o xurado poderá declarar deserto o premio se considera que non se alcanzou o nivel de calidade adecuado ou se non se alcanzou un número de participantes suficientes.
6. Todas as persoas participantes, xa sexa individual ou en colectivos, deberán inscribirse e informar do título ou nome do desfraz co que se presenta, categoría na que se inscribe, datos de contacto da persoa representante.

Para iso, haberá que cumprimentar un impreso que se lles facilitará na Casa da Cultura e/ou na páxina web do Concello www.sansadurnino.gal

7. Prohíbese a participación con animais.

CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de San Sadurniño

8. Todas as persoas concursantes autorizan a captación de imaxes fotográficas e/ou vídeos, así como a súa publicación nos soportes de comunicación municipal -web, redes sociais e publicacións impresas- e o envío das imaxes aos medios de comunicación.
9. Queda estritamente prohibida calquera tipo de acción vexatoria ou violenta que atenten contra as persoas participantes ou o público.
10. A orde de participación no desfile determinarase pola orde de inscrición no concurso, saíndo primeiro as persoas inscritas na categoría individual.
11. As persoas participantes deberán inscribirse na modalidade axeitada.
12. Nas comparsas as cancións que se interpreten serán de temática libre e adaptadas ao estilo do entroido. Valorarase a contribución humorística na actuación.
13. As persoas menores de idade terán que participar baixo a responsabilidade dunha persoa adulta, que ostentará a súa representación para todos os efectos que se deriven deste concurso. As asociacións estarán representadas por quen ocupe a presidencia.
14. A decisión do xurado será inapelable.

CUARTA.- Horarios.

De 21:00 a 23:00h concurso

23:30h entrega de premios

QUINTA.- Categorías. Establecéñense as seguintes categorías:

- A) Individual: 14 anos en diante
- B) Grupo: Deben estar compostas por un número mínimo de tres persoas e un máximo de oito
- C) Comparsa: agrupacións formadas por máis de 8 persoas con animación musical e con disfraces que teñan relación entre si. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 5 minutos. A música de acompañamento, de ser o caso, debe ser facilitada á organización en formato mp3, ben achegándoa xunto coa inscrición ou ben enviándoa ao enderezo de correo agustin.perez@sansadurnino.gal

CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de San Sadurniño

SEXTA.- Inscripcións.

As inscricións comezarán o día 2 de febreiro e rematarán o día 13 de febreiro ás 21:15h. Poden realizarse a través da Sede electrónica (deberá facerse unha instancia xeral e adxuntar a solicitude de inscrición correspondente) ou na Casa da Cultura de luns a venres en horario de 9:00 a 14:30h, ou no correo agustin.perez@sansadurnino.gal (adxuntando a folla de solicitude correspondente).

Para realizar a inscrición haberá que presentar a folla de solicitude cuberta, a cal poderase descargar da páxina web do concello www.sansadurnino.gal

SÉTIMA.- Xurado. O xurado, estará composto por persoas alleas á organización.

O xurado valorará os seguintes aspectos:

- a) A orixinalidade, estética, artes, vestiario, caracterización, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces
- b) A utilización de materiais de refugallo
- c) A inspiración en fontes culturais (escritores, pintores, científicos...)
- d) A posta en escena, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social
- e) A conservación do Entroido tradicional
- f) O uso do galego, tanto oral como escrito

A composición do xurado será a seguinte:

PRESIDENCIA: Unha persoa allea ao Concello.

VOGAL: Unha persoa allea ao Concello.

SECRETARÍA: Persoal técnico ou administrativo adscrito á Concellería de Cultura que actuará con voz e sen voto

OITAVA.- Resolución do concurso

CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de San Sadurniño

A decisión farase pública ao remate do concurso no lugar do evento.

NOVENA.- Premios

Concurso de disfraces Adultos

Haberá un total de 6 premios para os mellores disfraces:

- INDIVIDUAL (14 a 18 anos). O premio consistirá nun vale para consumo nun establecemento do Concello.
- INDIVIDUAL (+18 anos). O premio consistirá nun vale para consumo nun dos restaurantes do Concello.
- GRUPO. O premio consistirá nun vale para consumo nun dos restaurantes do Concello.
- COMPARSA. - O premio consistirá nun vale para consumo nun dos restaurantes do Concello.

CONCURSO DESFRACES	Individual (14 a 18 anos)	Individual (Maior 18 anos)	Grupo	Comparsa
	1º Premio: 35€	1º Premio: 35€ 2º Premio: 30€	1º Premio: 120€ 2º Premio: 110€	1º Premio: 300€

DÉCIMA.- Observacións

A Presidencia, asesorada pola Concelleira de Cultura, quedará facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A participación neste concurso supón a total aceptación das presentes bases.

Anexo 1.- Folla de inscrición

CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de San Sadurniño

FICHA DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES 2026

Nome e apelidos (participante/representante)			
DNI			
Teléfono de contacto			
Nome e/ou tema da máscara			
Vestuario	Feito ☐ Comprado ☐		
Utiliza música	Sí ☐ Non ☐		
Modalidade na que se solicita participar	Individual ☐	Grupo ☐	Comparsa ☐
	Idade	N.º Compoñentes	N.º Compoñentes
☐ AUTORIZO a captación de imaxes fotográficas e/ou vídeos, así como a súa publicación nos soportes de comunicación municipal -web, redes sociais e publicacións impresas- e o envío das imaxes aos medios de comunicación.			

*CUBRIR POLA PERSOA REPRESENTANTE NO CASO DE PARTICIPANTES **MENORES DE IDADE**.

☐ AUTORIZO a participar no concurso de disfraces as seguintes persoas menores de idade:

Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a
Don/a	Don/a

En San Sadurniño, a

CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de San Sadurniño

Asdo.

CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de San Sadurniño

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027